



ADEGA agradece que se nos remiti-se para a realización de subxerencias o borrador desta estratexia, elaborado pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Porén, o borrador foi recibido no mes de agosto, polo que o prazo do 15 de setembro para a presentación de subxerencias considerámo-lo escaso. Pensamos por tanto que se debe ampliar este prazo sometendo o borrador ao dictame do Consello Galego do Meio Ambiente, antes da súa aprobación definitiva.

Por esta razón, moitos aspectos concretos das directrices recollidas para os plans sectoriais, como por exemplo o plan de residuos industriais, o de residuos sanitarios, e o de residuos agrarios (que debería ser de residuos agro-gandeiros e forestais) apenas poideron ser analizados por nós.

As subxerencias que se fan a continuación van máis dirixidas por tanto á filosofía da Estratexia, aos obxectivos que debe perseguir, e á súa función dentro do marco normativo e de planificación. Consideramos que se debe distinguir claramente entre os contidos dunha Lei xeral de Resíduos, da que hoxe carece Galiza, e os contidos dunha estratexia, que nunca terá rango normativo de lei. Por tanto, sen elaborar esta lei e sen realizar cambios profundos no contido da presente estratexia, este borrador convertería-se nun mero exercicio de recapitulación e refrito de plans, normativas, definicións, obxectivos e recomendacións preexistentes, sin ningún criterio práctico nin función obxectiva.

1. EN RELACIÓN CO MARCO LEGAL E OS OBXECTIVOS DUNHA ESTRATÉXIA

A lexislación autonómica en materia de residuos resulta claramente escasa e deficiente ou caduca, ao non integrar as novas normas comunitarias e estatais xurdidas durante a presente década. A recente Lei 10/1997 do 22 de agosto de Resíduos Sólidos Urbanos de Galicia é xa anacrónica, pois non responde aos principios, obxectivos nen ámbito de aplicación das súas

homólogas comunitaria (as Directivas 75/442/CEE e 91/156/CEE relativas aos residuos) ou estatal (Lei 10/1998 do 21 de abril de Resíduos), que establecen unha lexislación básica sobre todos os tipos de residuos. A lei galega refírese en exclusiva aos residuos sólidos urbanos, polo que os restantes tipos de residuos que son obxecto desta estratexia carecen dun marco legal autonómico de referencia.

Neste sentido, o obxectivo ou función da presente estratexia considera-mo-lo fora de lugar. Tal obxectivo clarifícase no último parágrafo da páxina 11, no capítulo 2 de “Antecedentes”): **“A Xunta de Galicia, en virtude das facultades que o vixente ordenamento xurídico lle confire, elabora a presente Estratexia galega de xestión de residuos, que establece o marco de actuación no que se deben desenvolver todos os Plans específicos de xestión de residuos da Comunidade Autónoma”**.

Alén de que a redación xuxire un pretendido carácter normativo impróprio dunha estratexia, semella claro que non hai ningunha norma xurídica no actual ordenamento que condicione o desenvolvemento dos plans de xestión de residuos ao texto desta estratexia.

Polo contrario, e sendo moi necesaria unha norma básica que estableza o marco de actuación no que se desenvolvan os diferentes plans, tal norma só pode ter rango superior, e por tanto de lei.

Polo contrario, consideramos que o obxectivo básico dunha estratexia de xestión de residuos debe referirse a como facer socialmente viable o acadar os obxectivos de xestión establecidos no marco legal e nos diversos planos de actuación, canalizando e fomentando a participación e responsabilidade dos diferentes axentes sociais i económicos implicados.

Non é por tanto de estrañar que, cando nos fixamos nos obxectivos descritos no correspondente capítulo 6, pax. 47 e 48, non se recolla nada substancial. O suposto obxectivo xeral é tan xeral que nen siquera é específico ou propio desta estratexia. En relación cos denominados obxectivos instrumentais, cumpre salientar que no texto da estratexia non se crea ningún tipo de instrumento nen contén elementos que faciliten a coordinación entre as diferentes administracións nen tampouco se establecen os criterios básicos para as infraestructuras de tratamento.

Ou, por exemplo, nos principios de desenvolvemento (capítulo 5, pax. 42), o principio de subsidiariedade tal como está enunciado significaría que a Xunta de Galicia renuncia a actuar

en función das súas obrigas de inspección, seguimento e control ambiental no eido dos residuos. Esta inibición constituiu un dos elementos máis graves dos últimos anos, ao permitir os vertederos incontrolados e a combustión do lixo nos mesmos, situación que aínda segue hoxe.

Este deficiente marco legal leva tamén a que algúns tipos de residuos fiquen fora de toda lexislación e programación autonómica como por exemplo os lodos de depuración de augas residuais urbanas, cuxa xestión é responsabilidade dos concellos, pero que non están incluídos en ningún dos plans previstos polo borrador da estratexia (ver a pax. 50). Ou como no caso dos residuos forestais, que non se mencionan nen fican explicitamente incluídos nos chamados residuos agrícolas.

Fundamentalmente, o texto da estratexia consiste nun refundido de diferentes textos, contendo case exclusivamente consideracións cualitativas e propostas vagas e pouco definidas. Por todo isto, ADEGA considera que é preciso a elaboración dunha LEI DE RESÍDUOS DE GALICIA, e a elaboración separada dunha estratexia, cada unha delas cos seus obxectivos contidos pertinentes.

Tais contidos deben procurar unha evolución positiva a longo prazo na xestión de residuos, para o que nos servirían as pautas contidas na referida Resolución do Consello (punto 2 destas subxerencias) e, na opinión de ADEGA, nos aspectos da actual evolución comunitaria en xestión de residuos subliñados no punto 3 destas subxerencias. Do contrario, corremos o risco de que a estratexia non rexista os catro anos de vixencia que a mesma anuncia, e fiquen caduca xa no momento da súa elaboración, como ten ocorrido con tantos proxectos da Xunta de Galicia na presente década, e nomeadamente co plan de RSU de 1992, e tamén o plan de Resíduos Perigosos e 1995.

2. EN RELACIÓN CO ESPÍRITO DA RESOLUCIÓN DO CONSELLO DE 24 DE FEBREIRO DE 1997 SOBRE UNHA ESTRATÉXIA COMUNITÁRIA DE XESTIÓN DE RESÍDUOS

Practicamente a totalidade do contido da Resolución están ausentes do borrador da Estratexia galega, ou o espírito desta non concorda co contido da Resolución. Fixémo-nos, por exemplo,

nos seguintes aspectos recollidos literalmente da Resolución:

-

"Recoñece [o Consello] a necesidade de ... distinguir mais claramente entre as operacións que son actividades de valorización e as que son actividades de eliminación" (parágrafo 9)

A Estratexia galega non trata deste tema.

-

"Reitera [o Consello] a súa convición de que a prevención de residuos debería constituir a primeira prioridade de calquera plano racional neste sector, tanto en relación coa máxima redución de residuos como coas propiedades perigosas destes" (parágrafo 16).

A Estratexia galega non clarifica este aspecto.

-

Invita [o Consello] á Comisión a que fomente, e aos Estados membros e aos axentes económicos a que **establezan e persigan obxectivos cuantitativos de carácter indicativo para reducir significativamente a cantidade de residuos** que se produzan e incrementar os niveis de reutilización, reciclado e valorización (parágrafo 18)

A Estratexia galega, ao igual que a Lei 10/1997 de Xestión de Resíduos Sólidos Urbanos de Galicia, non establece ningún obxectivo cuantitativo, nen siquiera establece que tais obxectivos se fixen nos respectivos plans.

-

Insiste na necesidade de fomentar a valorización de residuos co fin de reducir a cantidade destes destinada á eliminación e economizar recursos naturais, especialmente por medio da reutilización, reciclaxe, compostaxe e recuperación de enerxía dos residuos (parágrafo 21)

Este parágrafo 21 introduce a diferenciación de catro niveis de xerarquia dentro do nivel xeral de valorización. No seguinte parágrafo 22 establece unha certa xerarquia de prioridade para as opcións de reutilización e de valorización de materiais (isto é, de reciclaxe e compostaxe). Porén o borrador da Estratexia non introduce ningún tipo de prioridade relativa destas opcións, pondo ao mesmo nivel a reutilización, reciclaxe e compostaxe que a incineración (en realidade, é falso o que se afirma no segundo parágrafo da páxina 44, xa que a Resolución non propón a xerarquia que se establece na estratexia, senon que esta procede da Directiva, actualmente en proceso de modificación). No punto 3 abondaremos sobre a cuestión da xerarquia, pois a realidade europea está evolucionando rapidamente para reflectir unha maior prioridade da valorización de materiais fronte á valorización enerxética, que con probabilidade se incluírá na próxima modificación da Directiva marco de residuos.

-

Recoñece, polo que se refere ás operacións de valorización, que a elección en cada caso concreto dunha posibilidade debe ter en conta os efectos medioambientais e económicos, pero considera que no presente, e hasta que se leve a cabo o necesario avance científico e tecnolóxico, e exista un maior desenvolvemento das análises do ciclo de vida, **debe considerar-se preferíbel polo xeral a reutilización e valorización de materiais** cando estas sexan as mellores opcións medioambientais (parágrafo 22).

-

Insta á Comisión e aos Estados membros, segundo o caso, a que fomenten sistemas de devolución, recollida e valorización (parágrafo 24)

Nen a Estratexia, nen no seu ámbito o Plan de xestión de RSU fomentan sistemas de devolución de residuos.

Estes e outros aspectos presentes na Resolución da Consello que dá orixen á presente Estratexia non están presentes no borrador desta, que fica un paso atrás da actual lexislación comunitaria, e lonxe reflexar a evolución actual e inmediata dos países ponteiros na materia de prevención ambiental no eido dos residuos.

3. EN RELACIÓN CON ALGUNHAS TENDENCIAS EUROPEAS QUE SE DEBEN REFLEXAR NA ESTRATEXIA GALEGA DE XESTIÓN DE RESÍDUOS

3.1. Estabelecer unha xerarquia de máis de 3 escalas

Se ben a directiva-marco sobre residuos recolle unha xerarquia de tres niveis –prevención, valorización e eliminación- que arranca da década dos setenta, as políticas de moitos dos 15 países mostra-nos que se evoluciona cara a 7 ou incluso 9 escalas como mínimo, segundo vemos na seguinte táboa.

Niveis de xerarquia en diferentes países da UE

1

Prevención

A, B, D, DK, E, F, FIN, It, L, NL, UK

□

> Prevención cualitativa

S

□

> Prevención cuantitativa

S

□

2

Recuperación

A, E, F, FIN, It, L, UK

> Reutilización

B, D, DK, NL

> Reutilización & Reciclaxe

S

> Reciclaxe

B, DK, NL

□

> Reciclaxe & Recuperación enerxética

D

□

> Recuperación enerxética

B, DK, NL, S

□

3

Eliminación

A, B, D, DK, E, F, FIN, It, L, S, UK

□

> Incineración

D, NL

□

> Vertedoiros

NL

□

Fonte: CER, 1998

En particular, a reutilización, é dicir a reutilización dun produto para un uso similar ao seu uso orixinal, é hoxe en día un eixo político maioritario en case a metade dos países europeos e gañaríamos moito de clarificarmos mellor as posibilidades de desenvolver políticas en función dese obxectivo así como as obrigas a tomar en conta para lograr ese obxectivo.

Igualmente, a reciclaxe de materiais (sexan inertes ou compostábeis) debe ser claramente diferenciada e priorizada sobre a valorización, que no caso da incineración conleva a destrución e perda dos recursos materiais.

3.2. Precisar o papel da valorización enerxética e prohibir o aceso dalgúns residuos aos vertedoiros

Debe establecer-se un status diferenciado a crear para a valorización enerxética en relación cun simple proceso de eliminación ou con procesos que recuperan enerxía destruindo os materiais: o lugar da incineración onde non existe un certo nivel de rendemento enerxético e o enmascaramento do rendemento enerxético polo uso de grandes cantidades de combustíbeis auxiliares ou complementarios, xeralmente de tipo fósil e non renovábel, debe clarificar-se convenientemente.

A combustión de residuos constituídos por materiais renovábeis e non contaminados, como poden ser moitos residuos forestais debe diferenciar-se da incineración de residuos constituídos por materiais fósiles e contaminados. A dixestión anaeróbia, que permite obter enerxía (na forma de biogás) simultaneamente coa reciclaxe da materia orgánica (na forma de compost) debe ser convenientemente xerarquizada.

Deben desenvolver-se políticas co obxectivo de crear un vínculo de obrigatoriedade entre algúns fluxos de residuos e algúns procesos de tratamento así como de prohibir que algúns fluxos de residuos se atopen nalgúns ramas de tratamento. Deste xeito, xa se formularon -ou estanse a formular- en diferentes Estados membros numerosas prohibicións relativas ao aceso a vertedoiros de residuos combustíbeis, de residuos biodegradábeis, de residuos reciclábeis ou

de residuos tóxicos (vexa-se a táboa seguinte).

Prohibicións que afectan o tratamento de residuos.

Estado Membro

Data

Tipos de residuos afectados

D

2005

Resíduos combustíbeis

DK

1997

Resíduos combustíbeis

F

2002

Todo menos Aresiduos finais@

FIN

1997

2005

Materials reciclábeis

Pneumáticos

Resíduos perigosos

Resíduos sen selección previa

RSU cun alto contido orgánico

It

2000

Resíduos non-tratados

NL

1996

1997

2000

RSU

resíduos industriais

Certos residuos perigosos

Resíduos de trituradoras

Entullo (construcción e demolición)

Cobertas agrícolas

Resíduos procedentes da transformación de plásticos

S

2005

Resíduos biodegradábeis

Resíduos combustíbeis

Fonte: CER, 1998

Esta tendencia pode ter continuidade non só no tocante aos vertedoiros senón tamén á incineración. De feito, na actualidade algunhas medidas ao nivel rexional ou nacional intentan prohibir que algúns fluxos de residuos cheguen á incineradora, por exemplo, os fluxos susceptíbeis de seren valorizados ao nivel dos materiais.

3.3. Promover medidas concretas que teñan como obxectivo a prevención no punto de orixen

En relación co eixo da **prevención**, perciben-se medidas concretas cara á redución dos residuos na orixen, que se están a desenvolver ás veces ao nivel local, rexional ou nacional nos países membros. Pódense definir polo menos 8 categorías de medidas preventivas:

I Obxectivos cuantitativos

I Plans de prevención obrigatorias

I Pagar en función da cantidade xerada

I Subvencións e proxectos de demostración

I Ecotaxas

I Limitacións e proibicións de substancias

I Proporcións cuantitativas

I Reutilización (*take back*) secundaria de envases retornábeis

En primeiro lugar citaremos as seguintes: marcar obxectivos de prevención con cifras, crear obrigas de plans de prevención, desenvolver conceptos de tarificación diferenciada sobre a recollida ou o tratamento dos residuos co fin de chegar a unha redución da produción, establecer regras en materia de axudas públicas (axudas a proxectos de demostración, subsidios, subvencións) que se refiren sexa á prevención cuantitativa, sexa á prevención cualitativa.

Citemos tamén algunhas ecotaxas establecidas para produtos concretos que pretenden reducir a súa entrada no mercado, tratando-se ás veces claras prohibicións de entrada no mercado de substancias tales como os metais pesados ou o PVC. E tamén algunhas obrigas proporcionais continente/contido, é dicir entre un envase e o produto que contén.

Finalmente nas obrigas chamadas *take-back* ou retornábeis, podémonos preguntar se algunhas non teñen virtudes preventivas importantes, como pode ser, por exemplo, a obriga de recoller os sobreenvases nos puntos de venda, que con probabilidade levaría a que o sector da distribución lles esixa aos seus provedores produtos con menos envases.

3.4. Regulación do mercado dos residuos por medio de instrumentos económicos

Os instrumentos económicos representan outro aspecto fundamental da xestión de residuos. En todos os discursos estratéxicos, os **instrumentos económicos** recoñécense e decláranse como complementarios ás ferramentas legislativas.

Na práctica, poden-se percibir dúas correntes na aplicación de instrumentos económicos ao nivel das rexións e dos diferentes países da UE.

A primeira tendencia consiste en aprehender o produto como tal e sometelo a unha taxa. É sabido que en varios países, certos produtos xa están suxeitos a **ecotaxas** (vexa-se a seguinte táboa).

Productos suxeitos a ecotaxas.

--

Estado Membro

Productos suxeitos a ecotaxas

B

Coitelas de afeitar de usar e tirar

Cámaras de usar e tirar

Pilas

Envases de bebidas

D (nivel local)

Pratos de usar e tirar...

DK

Bolsas de papel e de plástico

Envases de bebidas

Materiais de construción virxes

FIN

Envases de bebidas

Aceites lubricantes

It

Polietileno

NL

Vehículos fóra de uso

Pilas

Marcos de portas e fiestras de plástico

S

Pilas

Fertilizantes

Pesticidas

Automóbeis

Materias de construción virxes

CFCs

Fonte: CER, 1998

A taxación directa dun produto ten efectos inmediatos sobre a súa presenza no mercado e sobre o seu desenvolvemento. É tamén unha tendencia que xera riscos importantes de discriminación con fins proteccionistas, así como riscos de distorsións da competencia. Sen embargo, se queremos acadar un resultado, non podemos ignorar que é preciso aprehender o resíduo ao nivel do produto e que en relación con este produto, temos a ferramenta económica.

A outra tendencia en materia de novas ferramentas económicas é **a taxación dirixida a algunhas ramas de tratamento** e evidentemente ás dúas ramas de tratamento que nos gustaría ver diminuír: os vertidos e a incineración. Este tipo de taxas xa está en vigor na maioría dos países europeos pero aparecen con pesos e criterios bastante diferentes (vexa-se a seguinte táboa).

Taxas impostas segundo o método de tratamento empregado.

Estado Membro

Métodos de tratamento

Cantidade (ECU/t)

B

Incineración

Vertedoiros

6 - 20

30 - 100

DK

Incineración

Vertedoiros

28 - 35

45

F

Vertedoiros

resíduos municipais

resíduos perigosos

3

6

FIN

Vertedoiros

9

It

Vertedoiros

Incineración sen recuperación enerxética

10

5

NL

Vertedoiros

13

S

Vertedoiros

30

UK

Vertedoiros

residuos activos

residuos inactivos

10

4

Fonte: CER, 1998

Teñen unha incidencia considerábel no desenvolvemento dalgunhas ramas de tratamento. O propio Parlamento Europeo xa reclamou que a Unión Europea formule taxas unificadas en ECUs sobre os vertedoiros e incluso sobre a incineración dos residuos.

3.5. A importante responsabilidade do produtor: debe estender-se do sector de envases a outros dez grandes sectores

Outra evolución que non podemos ignorar é a da **responsabilidade** do produtor. Isto quere dicir que a persoa que pon algo no mercado xa non pode vivir dicindo «o que pasa despois da utilización non é asunto meu». Debe estar implicado na xestión do seu produto posconsumo e esta implicación pode tomar formas extremadamente concretas de recuperación do produto usado ou ben formas diversas de implicación financeira na xestión do resíduo.

Esta evolución xa superou os sectores do automóbil e dos aparellos eléctricos e electrónicos. Realmente, polo menos 10 grandes sectores están a suscitar regras nalgúns países en materia de responsabilidade dos produtores. Estes sectores son:

- Envases
- Automóbeis
- Aparellos eléctricos e electrónicos
- Pilas
- Papel
- Pneumáticos
- Têxtils
- Materiais de construción
- Plásticos
- Móbeis

A directiva sobre os vehículos fóra de uso completará-se probabelmente non só cunha directiva sobre os aparellos electrónicos ou eléctricos, senón tamén con directivas sobre os materiais de construción, o mobiliario en xeral, as materias de plástico, e en xeral sobre o conxunto dos ámbitos onde a responsabilidade do produtor tende a ser un modo interesante de prevención e de xestión dos residuos.

4. EN RELACIÓN CO ACTUAL PLAN DE XESTIÓN DE RSU DA XUNTA DE GALICIA

O actual plano de xestión dos RSU de Galicia non recolle os aspectos máis avanzados da Resolución do consello 97/C 76/01, de 24 de febreiro de 1997 sobre unha estratexia comunitaria de xestión de residuos (DO nº C 76/3 de 11.3.97). Nesta última resolución, entre

outros aspectos, o CONSELLO das C.E. "Reitera a súa convición de que a prevención de residuos debería constituir a primeira prioridade de calquera plano racional neste sector, tanto en relación coa máxima redución de residuos como coas propiedades perigosas destes.". Porén, o plano non prevé redución de ningún tipo, senon que **incrementa a xeneración de residuos tóxicos e a perigosidade** dos RSU e da súa xestión. O papel que a prevención xoga no plano de RSU de Galicia fica clarificado cando observamos os investimentos adicados a cada opción de xestión: á prevención destina menos do 5% dos recursos, fronte a máis do 80% que destina á incineración.

Tamén, nesta mesma resolución, o Consello "Recoñece a necesidade de ... distinguir mais claramente entre as operacións que son actividades de valorización e as que son actividades de eliminación". Neste sentido, a elaboración de combustíbel e incineración neste plano só poden ser consideradas, a causa do baixo rendimento enerxético (practicamente nulo, ver ADEGA-CADERNOS nº 3), como actividades de eliminación.

A instalación da incineradora prevista no plano dificulta a adopción de medidas de redución e reutilización, como se desprende claramente do contido do borrador de convénio de SOGAMA para os concellos, no que se penaliza a redución da cantidade de lixo entregado polos concellos, por un período de 25 anos de vixencia do convénio.

Na resolución, o Consello da UE pide á Comisión e aos Estados membros que adopten medidas concretas para promover mercados para os produtos reciclados que cumpran os requisitos comunitarios (parágrafo 25). Porén, é ben notoria a política da xunta de Galicia tendente non só a negar a posibilidade de saídas para o compost en diferentes aplicacións e con diferentes cotas de mercado potencial, senon tamén en obstaculizar as realizacións dos plans alternativos á SOGAMA para a promoción do uso do compost nas terras e no monte galego.

Concluimos por tanto que, para adaptar-se ao contido da Resolución do Consello, cumpre unha revisión dos contidos e obxectivos do plan de RSU de Galicia, abandonando ou cando menos reducindo substancialmente a capacidade da incineradora, que o borrador da estratexia non prevé.

5. EN RELACIÓN CO PLAN DE XESTIÓN DE RESÍDUOS INDUSTRIAIS DE GALICIA

O borrador da estratéxía fai unha valoración do plano de residuos industriais de 1995 dicindo que estableceu unha estratéxía de xestión adaptada a realidade industrial e social galega. En realidade, tal adaptación consistiu en fixar a baixa os obxectivos de prevención recollidos no plan estatal do mesmo ano, de tal forma que o obxectivo de redución no plano galego ficou no 1,7% (11,1% se excluimos os barros vermellos) fronte ao 40% do plano estatal. Segundo o plano, máis do 70% dos residuos someterían-se a tratamento final, cando no caso do plano estatal o obxectivo era limitar esta porcentaxe ao 40%.

A única realidade galega á que ase adaptou foi á existencia dunha planta de tratamento ou eliminación final (As Somozas), que requeria grandes volumes de residuos, cuxo funcionamento era por tanto incompatíbel cunha redución significativa na xeración de residuos. **Recentemente, os resposábeis desta planta anunciaron que lles sobra capacidade para importar residuos doutras comunidades, o que consideran preciso para rentabilizar o funcionamento das instalacións.**

Contrariamente ao que se afirma no borrador da estratéxía, no momento de elaborar o plan de 1995 existían as mesmas instalacións que hoxe, agás a planta de tratamento de pilas usadas. Das instalacións previstas, só se realizaron a referida ás pilas, mentres que no referido á neumáticos, residuos hospitalários e outros incluídos neste plano, non se realizaron a día de hoxe. As actuacións tamén son escasas no relativo á recuperación de solos industriais contaminados, incluída no mesmo plan.

En 1996 o Consello Galego do Meio Ambiente aprobou por unanimidade un dictame sobre este plan, no que facía unha serie de subxerencias ás que non se prestou atención. A Xunta debe responder a estas subxerencias antes de elaborar novas estratéxias e plans nesta materia.

ADEGA considera que a revisión do plan de tratamento de residuos industriais é necesaria, pero cumpre que na mesma colaboren os diferentes axentes sociais, para o cal deben dispor da información sobre a evolución da xestión deste tipo de residuos nos últimos anos, así como sobre o cumprimento dos obxectivos indicados no plan de 1995. A estratéxía debería fixar os obxectivos claros de prevención-redución na orixen, reutilización e reciclaxe dos diferentes tipos de residuos, determinar o modelo de financiamento e a programación temporal, cousa

que non fai.

O mesmo plan de resíduos perigosos de Galicia de 1995 contiña un plan de xestión dos resíduos hospitalários que non se cumpriu e que o borrador da estratexia parece esquecer. Cumpre unha análise da situación actual deste sector antes de entrar a valorar as directrices sobre o plan de resíduos sanitários que se inclúe no borrador da estratexia.